
PROCEDEMENTO CONVOCATORIA PRAZAS ESPECÍFICAS PARA A OBTENCIÓN DO GRAO EN ENXEÑARÍA FORESTAL NO CURSO 2019/2020 NA ESCOLA DE ENXEÑARÍA FORESTAL DE PONTEVEDRA, PARA ENXEÑEIRAS E ENXEÑEIROS TÉCNICOS FORESTAIS OU TITULACIÓNS AFÍNS.

PRIMEIRO

Ofertar un máximo de 20 prazas para a presente convocatoria no curso 2019/2020.

SEGUNDO

Para participar nesta convocatoria haberá que estar en posesión, no momento do remate do prazo de presentación de solicitudes, do título de Enxeñaría Técnica Forestal ou titulación afin, sendo prioritario o título de Enxeñaría Técnica Forestal acadado na Universidade de Vigo. segundo o establecido na memoria de verificación do título e desenvolto no apartado Oitavo.

TERCEIRO

Abrir un período de presentación de solicitudes para participar no PROCESO DE PREINSCRICIÓN nos prazos que virán determinados pola resolución reitoral de convocatoria de Matricula 2019/2020 na Universidade de Vigo.

No caso de quedar prazas vacantes abrirase un segundo prazo de preinscrición.

CUARTO

O modelo de solicitude para participar na presente convocatoria axustarase ao que figura como ANEXO I, estará á disposición das persoas interesadas na seguinte dirección de Internet: <http://www.forestales.uvigo.es>

A solicitude entregarase en horario de 9 a 14 horas, nas dependencias relacionadas a continuación, sen prexuízo do disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro:

- Rexistro Xeral do edificio de xerencia e servizos centrais no campus de Vigo.
- Rexistro auxiliar do edificio anexo á Escola de Enxeñaría Industrial (rúa Torrecedeira en Vigo).
- Rexistros auxiliares dos campus de Pontevedra e Ourense.

QUINTO

As solicitudes dirixidas ao Director da Escola de Enxeñaría Forestal de Pontevedra estarán acompañadas da fotocopia do D.N.I. ou o pasaporte, no seu caso, e unha copia do expediente académico e relación xustificada de méritos que se queiran alegar.

Aqueles solicitante que tiveran presentada a solicitude para o curso 2018/2019 ou anteriores, que incluía un certificado de nota media do expediente en base 10, e que non foran admitidos por falta de prazas, non deben presentar máis que a solicitude e a copia do DNI, salvo no caso que queiran aportar novos méritos.

SEXTO

A valoración das solicitudes de preinscrición e dos procedementos de validación serán resoltos segundo previsto na Memoria de Verificación do Grao en Enxeñaría Forestal pola Comisión de Adaptacións e Recoñecemento de Créditos, que por acordo da Xunta de Escola de 20 de decembro de 2011 estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: O director do centro ou persoa na que delegue
- Vogais: O subdirector, un membro do PDI, un membro do P.A.S e un Alumno.
- Secretaría: a Secretaría do Centro.

SÉTIMO

Recibidas as solicitudes, a comisión de valoración revisará os expedientes e verificará que conteñen a documentación esixida, publicando a relación provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso de preinscrición, con indicación dos motivos de exclusión. Haberá un prazo de reclamacións que unha vez resoltas levará a publicación de listaxe definitiva de solicitudes admitidas a trámite.

Os prazos destes procesos virán determinados pola resolución reitoral de convocatoria de Matricula 2018/19 na Universidade de Vigo.

OITAVO - MATERIAS A CURSAR

As materias que se deberán cursar **deberán da formación acadada polo Alumno** nos seus correspondentes estudos.

Deste xeito, os Alumnos que teñan realizado os seus estudos de Enxeñaría Técnica Forestal na Universidade de Vigo deberán cursar un máximo de 60 ECTS dos que 48 ECTS corresponderán a materias que se relacionan no *cadro I* e 12 ECTS corresponden ó preceptivo Traballo Fin de Grao. Para a valoración das asignaturas de xeito individual a Comisión terá en conta as indicacións da Guía de Adaptacións, tal e como figura na correspondente Memoria de Verificación.

No caso de estudantes doutras universidades ou titulacións afíns, a comisión resolverá, tendo en conta a carga lectiva e os contidos dos respectivos temarios, as posibles convalidacións

individuais das asignaturas do Plan de Estudos do Grao en Enxeñaría Forestal pola Universidade de Vigo.

En calquera caso a Comisión de Adaptacións e Recoñecemento de Créditos, poderá recoñecer ata un máximo de 6 ECTS doutra formación distinta a conducente á obtención dos créditos mínimos da titulación de orixe (materias doutras orientacións, e especialidades, materias de Libre Elección, cursos de formación, etc)

Asimismo a Comisión de Adaptacións e Recoñecemento de Créditos, poderá recoñecer a experiencia laboral e profesional do solicitante con ata un máximo de 6 ECTS.

A Comisión, de terse presentadas mais solicitudes que prazas ofertadas, priorizará as mesmas segundo o seguintes criterios:

Un cupo mínimo de 16 prazas para titulados en Enxeñaría Técnica Forestal pola Universidade de Vigo que serán adxudicadas segundo o criterio da nota media simple do expediente valorado segundo o disposto no Protocolo do SUG dacordo ao establecido no RD 1125/2003.

As 4 prazas restantes serán adxudicadas, independentemente da universidade de orixe, mediante resolución da Comisión de Adaptacións e Recoñecemento de Créditos segundo criterios motivados de valoración de expediente académico, complementos formativos necesarios, organización docente ou perfil profesional.

Nembargantes en caso de non chegarse ó limite previsto en algún destes cupos as prazas restantes poderán ser adxudicadas ás solicitudes excedentes do outro.

NOVENO

Rematado o proceso de selección por parte da comisión de valoración, faranse públicas nos taboleiros de anuncios do Centro as listaxes provisionais de admitidos para formalizar a súa matrícula de acordó coa puntuación obtida, fixándose un prazo para presentar as alegacións que se consideren oportunas en escrito razoado dirixido ao Presidente da Comisión de Adaptacións e Recoñecemento de Créditos.

Resoltas as alegacións, farase pública no taboleiro de anuncios do Centro a relación definitiva de persoas seleccionadas e poderá formalizarse a matrícula.

Os prazos destes procesos virán determinados pola resolución reitoral de convocatoria de Matricula 2018/2019 na Universidade de Vigo.

DECIMO

No caso de quedar prazas vacantes abrírase un segundo prazo de solicitud análogo ó primeiro co calendario que establece a resolución reitoral de convocatoria de Matricula 2018/2019 na Universidade de Vigo.

CADRO I – GUIA DE ADAPTACIÓN DOS ENX. TÉCNICOS FORESTAIS DA UNIVERSIDADE DE VIGO (Plan 2000) EN FUNCIÓN DE ORIENTACIONES DE ORIXE.

MATERIAS	ECTS	ORIENTACIÓN ENX. TÉC. FORESTAL		
		Industrias da madeira	Explotacións forestais	Xestión do medio ambiente
Celulosa, pasta e papel	6	-	×	×
Organización industrial e procesos na industria da madeira	6	-	×	×
Innovación e desenvolvemento de produtos na industria da madeira	6	-	×	×
Control de calidade e PRL na industria forestal	6	-	×	×
Patoloxía e pragas forestais	6	×	-	×
Incendios forestais	6	×	-	×
Lexislación e certificación forestal	6	×	-	×
Aproveitamentos forestais	6	×	-	×
Silvopascicultura	6	×	-	×
Planificación física e ordenación territorial	6	×	×	-
Electrotecnia e electrificación rural	6	-	×	×
Xestión ambiental	6	×	×	-
Xiloenerxética	6	×	×	-
Xestión de espazos protexidos e biodiversidade	6	×	×	-
Xestión de caza e pesca	6	×	×	-
Traballo Fin de Grao	12	××	××	××

- materias das que non se pode matricular por estar contidas na orientación de orixe
- × materias optativas das que deben cursarse 48 ECTS (8 materias)
- ×× traballo fin de Grao (Obligatorio)

NOTA: A Comisión pode reconecer un máximo de 6 ECTS por outra formación e outros 6 ECTS por Experiencia laboral/profesional. Estes ECTS se reconecerán de entre os 48 ECTS de asignaturas a cursar.